



Gregorio SANZ
Avda. de Luarca s/n
27700 - RIBADEO (Lugo)

ENTROIDO 2024

MANDATOS DO MECO

Na vindeira semana recibimos o Entroido, e antes do gran desfile do venres, seguiremos as pistas do Meco, que este curso nos convida a converternos en "Mascaritas" unha figura propia da tradición popular de Ribadeo:

- O luns, se ao Meco queres entreter,
algo na cabeza terás que poñer.
- O martes, se ao Meco queres contentar,
o teu corpo debes decorar.
- O mércres, se ao Meco queres consentir,
algo nos pés terás que lucir.
- O xoves, se co Meco te queres engalanar,
con todo o anterior vaste emperifollar.

Aproveitamos para informaros que a hora do desfile do venres, 9, será dende as 11:00h.